A ENVEXA (LA ENVIDIA)

Óleo sobre lenzo. 95 X 114 cm. Ca. 1970.
Asinado no ángulo inferior esquerdo: "Beiró".
Museo Municipal de Santiago.



Neste cadro, o artista non escatima a cantidade de materia pictórica, que xunto ás representacións humás e animais que realiza, lévanos a unha escea case caótica. A pincelada é enérxica, de cores moi vivos na parte central e oscuros nos laterais.

PROCEDENCIA

Doado polo pintor ó Museo Municipal de Santiago, despois de presentalo na I Exposición Trienal de Santiago, 1971.

EXPOSICIÓNS

I Exposición Trienal Nacional de Pintura, Escultura, Dibujo, Acuarela y Grabado. Santiago, 1971. Nº 69 do catálogo